

CDU

Para as bibliotecas escolares galegas

A Clasificación Decimal Universal (CDU)

A biblioteca escolar precisa un sistema de clasificación dos fondos documentais de que dispón, que permita ordenalos de xeito eficaz e que favoreza a súa localización por parte dos usuarios.

Proponse unha adaptación das táboas da CDU que sirva de orientación ás persoas que se responsabilizan da xestión da biblioteca escolar.

A CDU é un sistema de clasificación universal desenvolvido a partires da Clasificación Decimal de Dewey, que data de finais do século XIX:

- Abarca todos os ámbitos de coñecemento.
- Sistematiza xerarquicamente do xeral ao particular.
- Emprega a numeración para identificar as fontes polo que pode ser comprendido por todos os usuarios.
- Divide os coñecementos en dez grupos ou seccións que á súa vez se subdividen noutros dez grupos e estes noutros dez...
- Cada un dos dez grupos identifícase cun díxito e subdivídese en dez grupos identificados por dous díxitos e así sucesivamente. Cantos máis díxitos se empregan, máis específica é a clasificación.

A CDU, como sistema normalizado e universal, garante que o alumnado dos centros que a empregan para a ordenación dos seus documentos informativos, ao tempo que aprende a manexarse con soltura na súa biblioteca escolar, está desenvolvendo habilidades e recursos como usuarios de calquera biblioteca pública, real ou virtual. Mais o sistema non debe ser ríxido; cómpre estudiar as características de cada un dos centros e da comunidade escolar dos mesmos para decidir as adaptacións que permitan unha maior eficacia: que os usuarios poidan localizar o documento que precisan no menor tempo posible e do xeito máis satisfactorio.

Algunhas cuestiós que se deben contemplar:

- Cómpre utilizar o menor número de díxitos posible: dous sería suficiente para os centros de ensino infantil, primario e secundario. *Por exemplo: 523 O Sistema Solar, 523.24 Movemento do Sistema Solar no espazo, 523.3 A Lúa, 523.4 Os*



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



BIBLIOTECAS
ESCOLARES
DE GALICIA

planetas, 523.46 Urano... todos eles irían baixo o número 52, sen necesidade de subclasificar máis.

- Non se abrirá unha subsección se non hai un número mínimo de documentos (cinco).
- As obras de referencia deberán localizarse na mesma zona, para un mellor aproveitamento pedagóxico.
- Os libros de texto, no seu caso, colocaranse na sección da temática correspondente ou nunha zona específica, clasificados segundo os criterios xerais. *Por exemplo: un libro de texto de matemáticas de quinto de Educación Primaria levará, na primeira liña da signatura topográfica, o número 51.*
- Os dicionarios temáticos poden colocarse todos xuntos na mesma sección ou ben na sección correspondente segundo a súa temática, indicando cun auxiliar o seu formato (038). *Por exemplo: 61(038) "Dicionario de termos médicos" arquivado xunto a outros traballos de Medicina ou (038)61 "Dicionario de termos médicos" arquivado xunto a otros dicionarios.*
- Os documentos en soporte diferente ao libro (CDs, DVDs, mapas, materiais mixtos, materiais tridimensionais...) colocaranse tamén, sempre que sexa posible, nos andeis de libre acceso, convenientemente identificados e na sección que lles corresponda. Pode decidirse a súa colocación en zonas específicas, ben visibles e clasificados segundo os criterios xerais.

CDU: TÁBOA DE CLASIFICACIÓN TEMÁTICA PRINCIPAL	
0	Ciencia e coñecemento. Organización. Informática. Información. Documentación. Biblioteconomía. Institucións. Publicacións
1	Filosofía. Psicoloxía
2	Relixión. Teoloxía
3	Ciencias sociais. Estatística. Demografía. Socioloxía. Política. Economía. Dereito. Administración pública. Asuntos militares. Benestar social. Seguros. Educación. Antropoloxía cultural
4	(baileiro)
5	Matemáticas. Ciencias naturais
6	Ciencias aplicadas. Medicina. Tecnoloxía
7	Arte. Música. Xogos. Deportes. Espectáculos
8	Linguaxe. Lingüística. Literatura
9	Xeografía. Biografías. Historia




A signatura topográfica. Etiquetado dos documentos

A CDU facilita a organización dos fondos na biblioteca escolar. Cómpre estudiar as posibilidades do mobiliario existente e organizar as distintas seccións, distribuíndo os libros e outros materiais segundo esta organización, coas adaptacións que se consideren oportunas.

Cada documento debe levar no seu exterior (nos libros, na parte inferior do lombo) unha etiqueta ou signatura topográfica (*tejuelo*), que indica o lugar da biblioteca no que se pode localizar.

Este identificativo aporta a seguinte información:

- O número correspondente da CDU.
- As tres primeiras letras do apellido do autor en maiúsculas.
- As tres primeiras letras do título¹ en minúsculas.




Nos andeis, os materiais colocaranse dentro da sección correspondente, por orde alfabética de autores e por orde alfabética de títulos, no caso de ter varias obras da mesma autoría.

NOTA: Casos especiais:

1. Obras con varios autores:
 - a) Se a obra ten dous autores, no campo signatura 2 escribiremos en maiúsculas as tres primeiras letras do primeiro apellido do autor/a que apareza na obra como autor principal (ou en primeiro lugar).
 - b) Se a obra ten tres ou más autores, no campo signatura 2 escribiremos VV.AA.
2. Se a obra é anónima escribiremos ANÓ no campo signatura 2.

¹ Excluíndo os artigos (tanto os determinados como indeterminados) e as preposicións curtas ou "baleiras" (a, con, de, en, por, sen), así como as contraccións entre elas. As preposicións "significativas" (como por exemplo: agás, baixo, desde, durante, excepto, segundo...) si se alfabetizan.

Exemplos:

Título	Autor/a(s)	Tipo ou temática	Signatura topográfica
	<i>Feliz Idade</i> Olga Novo	poesía	82-P NOV fel
	<i>Noia. Xeografía Urbana e Área de Influencia</i> Pedro García Vidal	xeografía (neste caso, dunha localidade determinada)	91 GAR noi
	<i>Bandada</i> María Julia Díaz Garrido e David Daniel Álvarez Hernández	narrativa	82-N DÍA ban
	<i>Os tempos e o clima de Galicia</i> Alberto Martí Ezpeleta, Juan José Taboada Hidalgo, Dominic Royé e Xavier Fonseca Blanco	meteoroloxía	55 VV.AA. tem
	<i>Las mil y una noches</i> anónimo	narrativa	82-N ANÓ mil

Para unha clasificación eficaz e no caso de dúbida, cómpre ter en conta o xeito máis común de buscar a documentación por parte do usuario maioritario, e as necesidades de información que o documento en concreto vai cubrir. Así, *unha Guía para rapazas (educación afectivo sexual)* estará na sección de Educación, subsección de Contido e currículo (372), se consideramos que o vai empregar sobre todo o profesorado. Noutro caso, poderá incluirse na sección Vida social (39). Un texto sobre o consumo de drogas incluirase na sección de Saúde e hixiene persoal (613) pero un texto sobre a drogadicción ou os aspectos sociais das drogas debería incluirse no apartado do Consumismo (36) ou más específicamente (364, Problemas sociais que precisan asistencia).

Literatura de ficción. Particularidades

Nos centros que escolarizan alumnado de Infantil, Primaria e Secundaria pode resultar de interese distribuír os libros de literatura infantil e xuvenil por grupos de idade amplos, identificándoos mediante unha etiqueta de cor diferente. Esixe unha orientación constante por parte do persoal responsable da biblioteca, para evitar unha interpretación limitada da que resulte que os de maior idade non desfruten dos textos que xa poden ler ós de menor idade. Cómpre coñecer os libros para poder levar a cabo unha clasificación axeitada (hai álbuns que teñen moita ilustración pero son, polo seu contido, axeitados a lectores autónomos ou expertos).

Hai uns criterios que acostuman ser comúns:

Grupo	Idade (anos)	Características
Pre-lectores	0 a 5	moita ilustración, textos inexistentes / moi breves
Primeiros lectores	6 a 8	textos breves, grafía axeitada; ilustracións
Lectores autónomos	9 a 11	a ilustración vai deixando máis espazo ao texto
Lectores expertos	12 a 14	predominio do texto sobre a ilustración
Xuvenil	máis de 15	predominio do texto sobre a ilustración

Á hora de rexistrar os distintos documentos, cómpre poñer atención á hora de incluír as materias ás que responde.

Intervencións básicas

Antes de iniciar a catalogación dos fondos e a súa informatización, é preciso levar a cabo as seguintes intervencións:

- Realizar unha expurgación exhaustiva, retirando todos os documentos que estean obsoletos, moi deteriorados ou non respondan ás necesidades dos usuarios da biblioteca escolar.
- Estudar e tomar decisións sobre algunas cuestións anteriores que cómpre normalizar (clasificación da literatura de ficción fundamentalmente).
- Organizar os fondos segundo a Clasificación Decimal Universal.

- Sinalizar a biblioteca, tanto as diferentes zonas como os andeis, en función das actividades que van acoller as primeiras e do destino que van ter ó abeiro da CDU os segundos.

0 CIENCIA E COÑECIMENTO. ORGANIZACIÓN. INFORMÁTICA. INFORMACIÓN. DOCUMENTACIÓN. BIBLIOTECONOMÍA. INSTITUCIÓNS. PUBLICACIÓNS

- 00 Prolegómenos. Fundamentos da ciencia e da cultura. Propedéutica
- 01 Bibliografías. Catálogos
- 02 Biblioteconomía
- 03 Obras xerais de referencia. Enciclopedias, dicionarios, léxicos, glosarios
- 05 Publicacións seriadas, publicacións periódicas. Anuarios. Directorios. Almanaques. Calendarios
- 06 Organizacións de natureza xeral. Asociacións. Museos
- 07 Xornais. Prensa. Periodismo
- 08 Poligrafías. Obras colectivas
- 09 Manuscritos. Obras raras e notables

1 FILOSOFÍA. PSICOLOXÍA

- 11 Metafísica
- 13 Filosofía da mente e do espírito. Metafísica da vida espiritual
- 14 Sistemas e puntos de vista filosóficos
- 15 Psicoloxía
- 16 Lóxica. Epistemoloxía. Teoría do coñecemento. Metodoloxía da lóxica
- 17 Filosofía moral. Ética. Filosofía práctica

2 RELIXIÓN. TEOLOXÍA

- 21 Relixións prehistóricas. Relixións de sociedades temperás
- 22 Relixións orixinarias do Lónxano Oriente
- 23 Relixións orixinarias do subcontinente indio. Relixión hindú en sentido amplio
- 24 Budismo
- 25 Relixións da antigüidade. Cultos e relixións menores
- 26 Xudaísmo
- 27 Cristianismo
- 28 Islamismo
- 29 Movementos espirituais modernos

3 CIENCIAS SOCIAIS. ESTATÍSTICA. DEMOGRÁFIA. SOCIOLOXÍA. POLÍTICA. ECONOMÍA. DEREITO. ADMINISTRACIÓN PÚBLICA. ASUNTOS MILITARES. BENESTAR SOCIAL. SEGUROS. EDUCACIÓN. ANTROPOLOXÍA CULTURAL

- 30 Teorías, metodoloxía e métodos nas ciencias sociais en xeral. Sociografía
- 31 Demografía. Sociología. Estadística
- 32 Política
- 33 Economía
- 34 Dereito. Xurisprudencia
- 35 Administración pública. Gobierno. Asuntos militares
- 36 Traballo social. Axuda social. Vivenda. Seguros
- 37 Educación
- 39 Antropoloxía cultural. Etnografía. Usos. Costumes. Tradicións. Formas de vida

4 (baleiro)

O número 4 está baleiro polo momento. O seu antigo contido (Filoloxía. Lingüística) foi trasladado ao 80

5 MATEMÁTICAS. CIENCIAS NATURAIS

- 50 Xeneralidades sobre as ciencias puras
- 51 Matemáticas
- 52 Astronomía. Astrofísica. Investigación espacial. Xeodesia
- 53 Física
- 54 Química. Cristalografía. Mineraloxía
- 55 Ciencias da Terra. Ciencias xeológicas
- 56 Paleontoloxía
- 57 Ciencias biológicas en xeral
- 58 Botánica
- 59 Zooloxía

6 CIENCIAS APLICADAS. MEDICINA. TECNOLOGÍA

- 60 Biotecnología
- 61 Ciencias médicas
- 62 Enxeñería. Tecnología en xeral
- 63 Agricultura e ciencias e técnicas relacionadas. Silvicultura. Zootecnia. Vida silvestre
- 64 Economía doméstica. Ciencia doméstica. Gobierno da casa
- 65 Industrias da comunicación e o transporte. Contabilidad. Xestión de empresas. Relacións públicas
- 66 Tecnología química. Industrias químicas e afins
- 67 Industrias, comercios e oficios diversos

68 Industrias, oficios e comercio de artigos acabados ou ensamblados

69 Industria da construcción. Materiais de construcción. Prácticas e procedementos de construcción

7 ARTE. MÚSICA. XOGOS. DEPORTES. ESPECTÁCULOS

71 Planificación territorial, urbanismo. Planificación rexional, urbana e rural. Paisaxes, parques, xardíns

72 Arquitectura

73 Artes plásticas (escultura, numismática, cerámica, orfebrería)

74 Debuxo. Deseño. Artes aplicadas e artesanía

75 Pintura

76 Artes gráficas. Gravado

77 Fotografía e procesos similares

78 Música

79 Diversións. Espectáculos. Xogos. Deportes

8 LINGUAJE. LINGÜÍSTICA. LITERATURA

80 Cuestións xerais relativas á lingüística e á literatura. Filoloxía

81 Lingüística e linguas

82 Literatura

82-P Poesía

82-T Teatro

82-N Narrativa

82-E Ensaio

82-C Cómic

9 XEOGRAFÍA. BIOGRAFÍAS. HISTORIA

91 Xeografía. Exploración da Terra e dos distintos países. Viaxes. Xeografía rexional

92 Estudos biográficos. Xenealoxía. Heráldica. Banderas

93 Ciencia da historia. Historiografía

94 Historia xeral. Historia dos países e dos pobos

